



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



# **CIRCULAR 23-2018.- CAMPEONATO DE GALICIA 5000 (Junior/Sub20 M e Xuvenil/Sub18 H e M) e 10000 JUNIOR, PROMESA, ABSOLUTO E MÁSTER DE 10.000 EN PISTA AIRE LIBRE.- Santiago. 18 de marzo de 2018**

- A todas as Delegacións (\*)

- A tódolos asembleístas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

---

**Art.1)** A F.G.A ca colaboración do Club Atletismo Fontes do Sar organiza o Campionato de Galicia de 5000 (junior/Sub20 e xuvenil/Sub18) e 10.000 das categorías junior/Sub20 e promesa/Sub23 nas pistas da Universidade de Santiago o domingo día 18 de marzo do 2018.

**Art.2)** Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.*

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 13 de marzo do 2018.**

**Art.4).** Os atletas deberán recoller o dorsal ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta. Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas.

**Art.5).** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.6). Participación:** Poderán tomar parte aqueles atletas que cumpran os seguintes requisitos

**Campionato de Galicia absoluto 10.000:** Figurar na tempada anterior na proba de 5000 ou 10000 entre os 12 primeiros do ránking absoluto, de pista ou de ruta. Clasificarse entre os 20 primeiros do Campionato de Galicia de campo a través 2018. Figurar nesta tempada na proba de 3000 entre os 10 primeiros do ránking absoluto.



**Campionato de Galicia Promesa e Junior 10.000:** Figurar na tempada anterior na proba de 5000 ou 10000 entre os 8 primeiros do ránking da categoría, de pista ou de ruta. Clasificarse entre os 10 primeiros do Campionato de Galicia de campo a través 2018. Figurar nesta tempada na proba de 3000 entre os 6 primeiros do ránking da categoría. Sempre que se considere oportuno a Dirección Técnica e o Responsable de sector reservaránse a posibilidade de admitir outros participantes que non cumpran os criterios.

**Campionato de Galicia Xuvenil 5000:** Figurar na tempada anterior na proba de 5000m ou 3000m entre os 8 primeiros do ránking da categoría, de pista ou de ruta. Clasificarse entre os 10 primeiros do Campionato de Galicia de campo a través 2018. Figurar nesta tempada na proba de 3000 entre os 6 primeiros do ránking da categoría.

Sempre que se considere oportuno a Dirección Técnica e o Responsable de sector reservaránse a posibilidade de admitir outros participantes que non cumpran os criterios.


**Art.7).** Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.8).** Horario provisional da competición (o horario definitivo publicarase unha vez revisadas as inscricións):

- 11:00: 5000 xuvenil-junior mulleres
- 11:20: 5000 xuvenil homes
- 12:00: 10000 mulleres
- 12:45: 10000 homes serie A
- 13:25: 10000 homes serie B

**Art.9)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.



**CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.10)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orden, segundo as normas técnicas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez  
Secretaria Xeral da FGA



A Coruña, 7 de marzo de 2018